

Santiago-A Coruña, 2 de xullo de 2010

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Curso práctico de “Iniciación ás Análises Clínicas”
Organiza	Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-
Lugar	Laboratorios da Facultade de Ciencias Universidade da Coruña – Campus da Zapateira
Datas	do 5 ao 30 de xullo (de 17:30-21:30 h)

A Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña acolle un curso sobre as rutinas de traballo nos laboratorios de análises clínicas

(Vía Láctea Comunicación).- A Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña acollerá durante este mes un curso práctico de “Iniciación ás Análises Clínicas”. A iniciativa, promovida polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**, diríxese a licenciados, estudantes dos últimos cursos e graduados de titulacións medias e superiores do ámbito sanitario.

“Dada a escaseza de posibilidades de aprendizaxe para a realización de análises clínicas, tanto en organismos públicos como privados, ofrecemos a oportunidade de que os futuros profesionais poidan adquirir coñecementos básicos relativos á metodoloxía do traballo práctico que se desenvolve nun laboratorio” -sinalan dende o Colexio de Biólogos-.

Dende o COBGA manifestan que con esta iniciativa pretenden “fomentar a presenza dos biólogos no campo sanitario, como importante actividade profesional”. Insisten en que se trata dunha tarefa “interprofesional e multidisciplinar”, na que tamén se debe contar cos coñecementos dos biólogos.

Trátase de familiarizar aos alumnos cos aparatos habituais de calquera laboratorio clínico. Como prácticas de traballo en Inmunoloxía e Bacterioloxía, os asistentes terán á súa disposición mostras biolóxicas humanas recentes. Aprenderán a realizar extraccións sanguíneas nos pacientes, a conservar as mostras ou a esterilizar o material clínico, entre outros aspectos”.

Os asistentes tamén se achegarán á clínica veterinaria

Os asistentes centraranse nas distintas variables de interese á hora de realizar unha análise clínica, como a curva de glicosa en pacientes diabéticos, marcadores hepáticos ou tumorais ou mesmo o estudo de posibles alerxias. Analizarán mostras de sangue, ouriña, feces, esputos, líquido seminal; tanto de humanos como de animais, de xeito que tamén se achegarán á clínica veterinaria.

O curso impartirao o biólogo **Manuel Paz Leis**, especialista en análises clínicas, diplomado en Sanidade e membro académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Foi solicitado o recoñecemento de “Interese Sanitario” do curso á Consellería de Sanidade. Os alumnos de Bioloxía da Universidade da Coruña recibirán dous créditos de libre elección. O curso comezará o vindeiro luns, 5 de xullo, e prolongarase ata o 30 de xullo. Impartirase de luns a xoves, polas tardes.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es